

Sumario

Actividades promovidas polo EDL.....	2
Dálle ao Play, a nova radio do Cotarelo.....	8
Letras galegas 2015.....	12
Poesía e creación.....	15
Saídas educativas.....	16
Fotos do Entroido 2015.....	18
Cómic.....	20

O larchán é unha publicación promovida polo Equipo de Dinamización Lingüística do IES Armando Cotarelo Valledor

Xuño 2015
Vilagarcía de Arousa



10 palabras contra a violencia de xénero

Como cada ano, o concurso "10 palabras contra a violencia de xénero", celebrado o 25 de novembro, contou con unha enorme participación e resultou ser unha maneira de demostrar a todo o mundo, e empregando a nosa lingua propia, que estamos en total desacordo cos prexuízos sexistas e machistas que reforzan a lacra social da violencia de xénero. Aquí podedes ler as 6 máis orixinais:



•"As mulleres non somos bonecas."
(Helena de 1º ESO)

•"No Cotarelo, violencia cero"
(Lidia de 3º ESO)

•"Ti podes loitar, non te deixes maltratar. Di non ao machismo."
(Irene de 4º ESO)



•"Eu son da miña propiedade, non te pertenzo" (Esther 4º ESO)

•"Dá un paso adiante e libérate das ataduras que che producen marcas." (Noelia de 1º BAC)

•"Unha marca non se leva na pel, tamén no corazón" (Ángela de 1º AFI)

a ESMORGA

de IGNACIO VILAR

A revelación cinematográfica galega do 2014, o filme "A Esmorga" de Ignacio Vilar, chegou ao Cotarelo en primicia xa que puidemos participar na videoconferencia que o produtor, o director e os actores principais deron para estudantes de ensino secundario e universitario. A parte de explicarnos aspectos interesantes da realización da película, puideron responder a

A Esmorga no Cotarelo

algunhas preguntas que lles fixemos relacionadas coa adecuación da novela de Blanco Amor ao cinema ou cuestións económicas e de produción. Unhas semanas máis tarde, o alumnado de 4º de ESO e 2º de bacharelato tivo a oportunidade de asistir a unha proxección do filme en Vilagarcía e disfrutar con esta xoia do cinema galego actual.

Xornada de Diverciencia

Este curso celebramos unha xornada da ciencia en galego con varias actividades científico-matemáticas nas que os compañeiros e as compañeiras foron protagonistas. Os diferentes grupos de ESO resolveron unha serie de enigmas matemáticos deixando estupefacto a un auditorio etregado e colaborador.

Un dos profesores que máis se implicou nesta experiencia foi Antonio Leis, que xunto con Chelo, guiou o alumnado na resolución dos problemas. Esta foi unha das últimas ocasións que tivemos de ver ao noso querido Leis participando na vida do centro xa que, como sabedes, leva desde o pasado mes de febreiro engrosando a lista de retirados do



corpo de profesores e disfrutando dunha ben merecida xubilación.



Tamén os profesores Chema e Xosé Carlos fixeron varios experimentos de química demostrando que a ciencia pode ser divertida e asombrosa. O momento culmen da demostración foi a simulación do incendio do barco Casón. Un barquiño de papel nunha tina de auga estaba abocado a sufrir o fatal destino do famoso mercante. A carga era un pedazo de cloruro sódico que Xosé Carlos dispuxo no interior do buque. O naufraxio e o conseguinte contacto da carga coa auga produciu unha explosión e un incendio que case fixo que tivéssemos que desaloxar a sala da cantidade de fume que emitiu.

Excepto este pequeno incidente provocado por un erro de cálculo na cantidade de produto químico, a exhibición por parte dos profesores de química foi un éxito e contou coa colaboración de bastantes alumnos e alumnas.



Semana de teatro

A compañía Galegatro representou no noso centro a obra “De leria con Castelao”, un monólogo con apoio audiovisual que serviu para descubrir e aprender algo máis do grande e ilustre Castelao.



A compañía Inversa Teatro trouxo unha proposta moi interesante titulada “Té con Kant”, onde dúas mulleres recién chegadas do século XVIII mantiveron unha conversa moi filosófica na que o público tamén puido participar.

Homes e mulleres “anuncio” no día da paz

A paz é unha palabra fermosa, non é? E porque non publicala a toda voz, ou máis ben, a todo cartel. Isto foi o que fixeron os compañeiros e compañeiras de ciclos formativos no día da paz. Convertíronse en homes e mulleres anuncio pregoando mensaxes de paz. Tamén os da radio andiveron por alí cubrindo a noticia. Aquí vos deixamos algunhas das frases:

“O ouro e a riqueza son as causas principais da guerra”

“Non hai paz sen xustiza e non hai xustiza sen perdón”

“Se non estamos en paz con nós non podemos guiar os outros na procura da paz”

“Non hai camiño para a paz, a paz é o camiño”

“Ou camiñamos tod@s xuntos pola paz ou nunca a atoparemos”



O alumnado de Ciclos promocionando a paz polos corredores do instituto. A resposta dos que se atopaban con esta escena variaba entre sorpresa, perplexidade e risas, pero a ninguén o deixou indiferente.

Para saber o que lles pareceu esta actividade aos espectadores, transcribimos unhas preguntas que lle fixemos a Irina, de 2º ESO-B:

Que é para ti a paz?

A paz para min é un concepto que non se pode definir moi ben. Un pode ter a súa propia paz persoal pero para min non pode haber unha paz igual para todo o mundo. Polo tanto, pódese dicir que a paz mundial só pode existir a medias.

Consideras importante este tipo de iniciativas?

Comparado co meu antigo instituto, este é moito máis interactivo. Eu

penso que este tipo de iniciativas dan exemplo. Se un reflexiona o outro tamén pode reflexionar, aínda que non sexa da mesma maneira pero, de calquera xeito, vale a pena.



A miña avoa é a máis grande

Por suposto que os que temos avoas pensamos que a nosa é a máis grande. Certo é que podemos aprender moitas cousas das persoas maiores. Con motivo do día da muller viñeron ao noso centro catro superavoas que nos contaron a súa experiencia. Emigración, traballo mal remunerado, acumulación de tarefas domésticas... son algunhas das penurias polas que

as nosas avoas tiveron que pasar pero non por iso perderon a alegría e as ganas de vivir. E iso foi o que nos comunicaron: moito humor, cariño e cercanía. E que vivan moitos anos máis!



“faite un selfie co galego”

Con motivo do día do libro (22 de abril), o Equipo de Dinamización Lingüística organizou unha actividade que chamamos “faite un selfie co galego”. Un número considerable de compañeiros e compañeras participou mostrándose co seu libro

en galego favorito e recomendándonos esa lectura. Puidestes ver a exposición na cafetería do centro ata a semana das letras, cando entregamos os premios. Mostramos aquí unha escolla dalgúns, fixédevos que orixinais!



Dálle ao Play, a nosa radio

Este curso, o Equipo de Dinamización Lingüística promoveu a creación da radio escolar Dálle ao Play, un proxecto soñado hai 8 anos que, por fin, ve a luz. Os seus e as súas protagonistas relatan a experiencia vivida.



Como se fai un programa de radio?

Arister M. Sequera Chirinos

Cando empezamos o curso, o noso profesor José Pumar fíxonos unha proposta para facer unha programación de radio durante todo o ano. Aínda que non nos facía moita ilusión, ao cabo de varios programas fomos especializándonos. Uns adicábonos a programas sobre interculturalidade, outros sobre deportes, outros de opinións sobre redes sociais e novas tecnoloxías, mitoloxía, etc. En fin, cousas que a cada un de nós nos chamasen a atención. Así, pouco a pouco, foinos gustando cada vez máis.

O procedemento para facer un programa de radio é o seguinte:

Primeiro escollemos o tema entre os membros do grupo e repartimos as tarefas.

Despois de informarnos facemos unha escaleta, que é como un esquema onde expoñemos as diferentes seccións e a orde a seguir para, a continuación, escribir o guión. Un bo guión debe ter claridade expositiva e repetir as ideas centrais varias veces xa que a radio é un medio fugaz e inmediato.

Unha vez que temos todo iso procedemos a realizar a gravación. A gravación pódese editar co ordenador para incluír música ou corrixir cousas que non quedaron ben.

O resultado da gravación é un podcast, que é un arquivo de audio en MP3 ou OGG listo para subir á páxina web radio.iescotarelo.es e que calquera poida descargar e mesmo deixar as súas opinións. Así damos a coñecer o noso traballo e ata o día de hoxe seguimos con esta ilusión.

Crónica da visita á SER

Alex Millán Agrelo

O día da visita á emisora da SER- Radio Arousa partimos do instituto no transporte urbano, ao chegar ás instalacións da radio recibíunos Eloy Magariños, levounos á sala principal e alí mostráronsenos todos os aparellos e os espazos nos que traballan a diario. Tamén coñecemos a Jorge Expósito que foi, xunto con Eloy Magariños, os que guiaron o programa adicado á nosa radio escolar. Comezamos reuníndonos e organizando a nosa intervención para preparar o directo. Despois da publicidade, entramos nunha entrevista feita á Secretaria Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o noso compañeiro Pablo puido facerlle algunhas preguntas sobre o asunto dos fondeos na illa do Areoso. Despois de Que Jorge Expósito dese o parte de noticias locais comezamos a falar nós. Tivemos a oportunidade de contar a experiencia na nosa radio como locutores e redactores e falar do noso ciclo.

Esta visita foi como un pequeno empurrón para continuar con este proxecto e ánimos para seguir traballando e informando sobre os temas que nos gustan da actualidade. Puidemos comprobar como funciona unha radio profesional e aprender cousas para mellorar como, por exemplo, respectar a quenda de palabra, os temas, non discriminar as diferentes ideas, traballar en equipo, etc.



O grupo de FPB-Informática, á entrada da emisora da cadena SER en Vilagarcía



Pablo, Manuel e Joaquín en antena



Arister contando a súa experiencia

Breve historia da radio. 1ª parte

José Ramón Gómez Vega

O invento da radio non se debe atribuír a unha soa persoa en concreto xa que foi froito de varios investigadores. En Rusia considérase que o seu creador foi o enxeñeiro Alexander Popov, mentres que na maioría dos países fálese de Guglielmo Marconi.

Marconi era un inventor e físico italiano que desde moi novo se interesou polas propiedades e as aplicacións das ondas electromagnéticas. Utilizou os estudos realizados por Hertz e as ensinanzas de August Righi.

En 1896 os resultados de eses experimentos foron aplicados en Gran Bretaña, entre Penarth e Weston, e en 1898 no arsenal naval Italiano de La Spezia. A petición do goberno de Francia, en 1899 fixo unha demostración práctica dos seus descubrimentos, establecendo comunicacións inalámbricas a través do canal da Mancha, entre Dover e Wimereux.

O 2 de xuño do 1887 se lle outorgou a Marconi a patente Inglesa da telegrafía sen fíos, por ese motivo considerase a Marconi o pai da radio e as telecomunicacións inalámbricas.

No ano 1901 a mariña Italiana e Británica comezarían a usar ese medio para transmitir mensaxes entre a súa flota.

En 1907 Marconi logrou un perfeccionamento que permitiu un sistema transatlántico de telegrafía sen fíos para o uso público. A radio foi a salvación de centos de vidas con ocasión dos desastres do Republic (1909) e do Titanic.

¿Cal foi a finalidade que se lle deu a este invento? Desde o comezo, a radio foi concibida con unha dobre utilidade comunicativa: como comunicación interpersonal e como comunicación das masas. A radiofonía desenvolveuse rapidamente ao servizo da mariña mercante, da aviación e dos exércitos facilitando o envío de mensaxes secretos entre as tropas. Por outro lado, axiña se lle encontrou unha utilidade comercial e de utilidade pública retransmitindo programacións culturais, musicais e informativos.



Unha radio, independentemente de o popular que sexa ou non, sempre leva consigo un intenso traballo e moita xente que, aínda que non teña pinta, traballa detrás dunha mesa. No noso caso, escasos en materiais pero non en gañas, comezamos esta experiencia da man de Alicia e Pumar, que puxeron recursos ao noso alcance para facer desta radio unha experiencia boa e enriquecedora. A maioría de nós traballamos bastante neste proxecto, outros, por diversos motivos, non puideron... facer unha radio non é sinxelo. (Pablo Santos)

Cando comecei coas prácticas da radio dábame moita vergoña gravar. Saíame mal e repetía e repetía. De tanto repetir acabei por perder a vergoña. Agora xa lle collín o gusto e quero volver estar diante do micro. A radio enganxa. E se o queredes comprobar, probade. (Dani Camino)

Rock do País. O programa de música galega de Dálle ao Play

Adrián López

Ola, son Adrián López e o que pretendo conseguir é fomentar a música en galego. O motivo deste programa en galego foi intentar que a xente escoite o que é a nosa música xa que pouca xente sabe que existen máis xéneros en galego que as jotas ou muiñeiras.

Temos una variedade non moi grande de xéneros pero o que temos é de calidade,

intento fomentar este estilo, que a xente vexa que vale a pena, expandir os horizontes musicais, non quedar estancados no electrolítno ou derivados, non é música de paletos, É A NOSA MÚSICA. Non obrigo a ninguén a escoitala, só incito a que probedes.

Somos poucos os que estamos metidos neste territorio pero co tempo espero que sexamos máis e que así aprendamos a apreciar o que é noso e coñecer o que nun presente e nun futuro vai formar parte da nosa cultura.

Debate en Dálle ao Play sobre os resultados da última enquisa do IGE sobre a lingua galega

Joaquín Fernández Reirís

A semana das letras galegas fixemos un programa especial para debater entre tres amigos; Sebastián, Pablo e Álex, sobre a situación actual da lingua galega. Abrimos o programa presentándonos e falando dunha noticia preocupante que publicou o IGE, a diminución da porcentaxe de galegofalantes. Fixémolo na entrada do noso instituto, nunha mesa redonda, durante o recreo porque queríamos facelo público e en directo para que a xente se decatara da gravidade da situación

do galego. Tamén para darnos a coñecer e que a xente vira que os da FPB de Informática sabemos organizarnos para facer un programa en directo.

A xente agradeceunos o noso traballo e felicítounos pola boa información que tiñamos. Foi o noso primeiro programa en directo e, mesmo así, non nos saíu tan mal aínda que nos apareceron algúns problemas durante o programa que houbo que solucionar ao momento. Esperamos que saia mellor a próxima vez.



Semana das letras 2015

Como este ano o 17 de maio caeu en domingo, decidimos celebrar a semana das letras do 19 ao 21 como excelente preludio das festas de Santa Rita. Foi unha oportunidade para gozar, aprender e gozar da nosa lingua e a nosa cultura. A continuación presentámosvos unha crónica das actividades que realizamos:

Programa Especial Letras Galegas en “Dálle ao Play”, a radio do Cotarelo.



A realización deste programa foi feita polo alumnado de 3º de ESO-C, coordinados pola profesora Gloria. Esta edición foi o resultado

dunha investigación que, sobre diferentes aspectos da cultura galega, os nosos compañeiros e compañeiras foron realizando na clase. Escoitando o programa descubriredes, por exemplo, que María Castaña era unha fidalga galega do século XVI que dirixiu unha revolta contra o poder relixioso; que o reino suevo de Galicia foi o primeiro reino europeo após a caída do Imperio Romano; que Najla Shami, cantora galega de orixe palestino, publicou un disco chamado “Na lingua que eu falo”, e moitas e interesantes cousas máis. Poderedes escoitar o programa descargando o podcast na sección de reportaxes da web de “Dálle ao Play”: radio.iescotarelo.es

Decoración de doces con palabras fermosas.

Escoitaredes dicir que a nosa é unha lingua doce e fermosa. Para demostrar que isto non é apenas un tópico senón que é real, e estamos orgullosos por iso, decidimos decorar uns saborosos sobaos pasiegos con palabras fermosas na nosa lingua. A mostra de que estaban deliciosos foi que non sobrou nin un só. O alumnado de 4º ESO-C foi o encargado da elaboración, coa supervisión de Juanjo, que sempre está aí para... meterlle o dente.



Mesa redonda: O mar como alternativa de lecer.



Pódese dicir que somos privilexiados por vivir tan perto do océano, especialmente nun lugar tan favorable para o gozo do mar como é a ría de Arousa. As posibilidades de ocio, deporte e cultura que nos ofrece o noso mar son enormes. Esta mesa redonda tivo como obxectivo amosarnos algunhas opcións como alternativas de ocio e lecer.

Unha das máis populares entre o alumnado do noso centro é o remo. Esta actividade con tanta tradición no noso entorno é un deporte con unha fonda tradición arraigada nos alicerces da nosa cultura mariñeira. A orixe das regatas está na competencia entre as embarcacións por chegar o máis axiña posible a terra para poder colocar mellor a pesca no mercado.



Salvador Allo e Miguel Alcalde

Nas festas locais realizábanse competicións entre embarcacións para demostrar quen eran os máis fortes ou os máis rápidos. Seguro que os vosos avós e avoas lembran algunha edición da histórica regata entre Vilaxoán e Rianxo que cada ano se realizaba nas festas do Carme da nosa vila e nas da Guadalupe do porto veciño. Miguel Alcalde, en representación do Club de Remo de Vilaxoán, defendeu nesta mesa redonda a importancia deste deporte no que os nosos clubs están colectando numerosos triunfos.

Non todo o mundo sabe que no corazón da nosa ría, na Illa de Arousa, existe unha escola de navegación tradicional, case única en Europa, onde calquera de nós pode vivir a experiencia de navegar nun dos nosos barcos tradicionais como a dorna, a lancha de relinga ou o galeón. En comparación co deporte de vela moderna, a navegación tradicional conserva as mesmas técnicas que utilizaron os nosos avós ata non fai demasiado tempo. A posibilidade de participar activamente na recuperación, conservación e mantemento desta sabedoría popular é unha tarefa valiosísima para o noso patrimonio cultural e, como non, navegar nunha dorna a vela pola nosa ría é unha sensación impresionante que todos e todas nós deberíamos experimentar. Salvador Allo, presidente da asociación Dorna da Illa de Arousa, falounos de todo o que están a facer e convidounos a participar e colaborar con eles.



Salvador Allo. Presidente da ENT-Dorna

Se primeiro saímos a remo e despois regresamos a vela, o mellor para pór un broche de ouro á nosa travesía é unha sardiñada e boa festa. E que mellor exemplo que o mundialmente coñecido festival Revenidas de Vilaxoán. Chito Barreiro, un dos organizadores deste evento cultural e musical estívonos explicando o por que das Revenidas, a importancia que ten para a nosa vila, a maneira como o festival defende a cultura, lingua e música galegas e como, pouco a pouco, foron conseguindo que Vilaxoán sexa coñecido, mesmo fóra de Galicia, como un referente da música alternativa. A sardiñada, como acontecemento de reunión, de convivencia, de colaboración, de festa e de alegría, tan presente en calquera vila mariñeira de Galicia, serviu de inspiración para que un grupo de incansables vilaxoaneses creasen este evento que, como non, debemos apoiar.



Chito Barreiro, organizador de Revenidas


Calquera Cousa

Alba Piñeiro Lago

Dixéronme que podía escribir calquera cousa: “liberdade de expresión”; e eu escollo falarvos sobre algo que a min me gusta moito: os libros, tanto deles coma escribilos.

Cando les algo, e non é por obrigación, transpórtaste a outro mundo, desconectas da realidade, méteste na pel das personaxes. Tamén ata te podes sentir identificado coas historias que contan, como se describiran xusto co que che pasa. Ti vives o libro como lector que es pero, detrás de cada un, hai un escritor, alguén coma ti que decidiu probar a causar na xente os mesmos efectos que

outros escritores lle causaban a el por medio da lectura. Eu penso que xa é un traballo máis complexo, polo feito de ter que elaborar algo que entreteña, que esperte curiosidade, que faga chegar ao lector máis aló. E, cando un mesmo o intenta, desenvolve moitas das súas capacidades, como a de expresarse; ou ás veces plasma os seus sentimentos, e iso sempre lle fai ben a un. Xa vedes que os libros están cheos de vantaxes, por exemplo, participando nos concursos literarios. Non vos ides arrepentir, porque ademais de que non perdedes nada, podedes gañar moito.



Tiña tanto que mostrarte.
Tiña tanto que amarte.
Tiña tanto que sentir.
Tiña tanto que vivir.
Creo que podo voar
se ao meu carón ti estás,
sinto que o tempo se detén
cando me convidas a rir,
sen ti non sería capaz de ser feliz,
sen ti non sería capaz de sentir.
Porque ti fixéchesme soñar
nun mundo ideal,
ti fixéchesme sentir
 cousas que non crin,
ti fixéchesme esquecer
que o mundo en paz non está,
ti fixéchesme gozar
da beleza do mar,
ti fixéchesme crer
na necesidade de amar.

Alejandra Santiago Patiño



Viaxe de intercambio a Châteaugiron

Mara Guillán Rosales, Nuria Vázquez Brea

Este ano o intercambio a Châteaugiron foi magnífico. Todos os franceses eran moi simpáticos e mantemos con eles unha relación estupenda, falamos case todos os días.

As excursións que fixemos foron moi divertidas pero, en xeral, o que máis nos gustou foi o tempo que compartimos cos nosos amigos, xa que falabamos moito e saíamos a dar paseos ao estanque todos xuntos. Ás veces, o mal tempo estragounos algunhas excursións, tamén o primeiro día de París, que acabamos mollados coma pitos

polos Campos Elíseos. Así e todo rematamos o camiño e pasámolo moi ben.

En París estivemos nun hotel, no que fixemos algunha que outra trasnada e durmimos moi pouco. Á mañá seguinte visitamos o Louvre onde levamos un susto cando unha rapaza se perdeu. Comemos no Hard Rock Café, unha sorpresa que os profes tiñan moi agochada e que a todos e todas nos gustou. O mellor do día foi a subida á Torre Eiffel e o paseo en barco polo Sena.

A viaxe de volta durou 24 horas, fíxosenos moi pesada e moi longa. A pesar diso, o intercambio foi xenial e repetiríao de novo sen pensalo dúas veces.

Visita a Celanova

F. Oriol Rodríguez Fresco

A vila de Celanova atópase na provincia de Ourense, e conta co gran mosteiro de San Salvador, que é o instituto e o concello da vila. O mosteiro atópase no medio da zona vella, onde se localiza o mercado. Dentro do mosteiro tamén está a capela de San Miguel, que é unha capela mozárabe do século X.

Aparcamos o bus diante do mosteiro e o primeiro que fíemos foi visitalo enteiro.



Iago Lorenzo lendo un fragmento da Virxe do Cristal

Divididos en dous grupos, entramos na diminuta capela cunha persoa guía que nos explicou a arquitectura do monumento. Despois disto fomos ao concerto.

No concerto o primeiro que fixemos foi ver o coro no que estabamos. No centro tiña un gran facistol con un cantoral, que era onde os monxes lían as partituras. Ao seu redor estaba a sillería de coro. O órgano atopábase nunha especie de balcón suspendido no aire e tiña unha cámara para que puidésemos ver como o tocaban desde onde estábamos. Antes de tocar, a organista Marisol Mendive explicounos a evolución e o funcionamento do instrumento. Despois tocou ela unha peza e logo tocamos todos xuntos dúas obras que levábamos preparadas, unha delas con guitarra e percusión.

Tras isto fomos visitar a Casa dos Poetas, vivenda natal de Curros Enríquez. Alí mostráronnos a edificación e varias das súas pertenzas. Tamén participamos na gravación dun video sobre o poema de Curros "A virxe



de Cristal". A iniciativa pretende que cada centro que visite a casa museu lea un fragmento do poema para compoñer, de maneira colectiva, un video sobre o poema. O motivo polo que a asociación quere gravar este poema é evitar que se esqueza o crime cometido recentemente na veciña localidade de Vilanova dos Infantes, onde a figura da Virxe do Cristal foi roubada e o crego que a custodiaba foi asasinado.


Rematada a visita a Celanova dirixímonos a Ourense onde visitamos as Burgas; a Catedral, facendo especial fincapé no Pórtico do Paraíso, de estilo románico e con unha importante representación de instrumentos de época medieval; e tamén tivemos un tempo libre para descansar e tomar algo. A experiencia foi positiva e a actuación saíunos bastante ben.











A BABOSA SOSA

SOSA! PRECISO DO CONCELLO DUNHA TOLA COMA TIIIIII!

NAVY KOL PRECISA A MIÑA AXUDA. UNHA EXCUSA PARA VER AO CACHASDO SEU IRMÁN, FACEKOL!

Ah...

QUE EMOCIÓN!

EO? VOLA? SOSA? POIS AXEUS. ATA LOGO...

AAAAH!!! EXENIAL, BERTA

ALÉBROME NOITO, SOSA, PERO... SEGURO QUE O NAVY KOL INVIDIASE PARA ESTAR CO SEU IRMÁN? DESPOIS DE TODO, NON TEN SENTIDO NINGÚN KA QUE CREO QUE BELLE GUSTAS...

FIXO QUE É PARA ISO. DÍGOME: "PODES FA CARCHE POLA MIÑA CASA, E RA ME PERDÍN."

POIS SORTE

REORDA! PARA MIÑS SI GUE NOS EN YOUTUBE LaBabosa Sosa



E tambén no facebook




LaBabosa Sosa Oficial

¡VOLA!

¡VOLA! GRABAS POR VÍA A AXUDARME COS DEBERES DE MATEMÁTICAS II!!!

MATEMÁTICAS... ?

UN DIA NORMAL NO INSTITUTO



VERDE
VERDE
VERDE

VEVA
O
GNEGO


EXAME DE
LINGUA GAIEGA
GARDEN
SILENCIO!

NA CASA FACENDO
OS DEBERES




DEBERES
DIVERSOS

digo he páia a
esta babilónia
agora. Não escreve
peço não que ten
tudo!



¡MADITO
BOLIGRAFO! Que me
leve o demó! Não
escribe e não tem
outro, ademais é
demasiado tarde
para ir comprar
outro...

O professor
vai-me castigar
por não fazeres
outro. MZ.
MADITO BOLI!
TODO PELA
SUA CULPA!



É que
antes
estavas
regado a
conhecer
os
amigos...

¡PANCAS
LUCES
ABRILHO! Esa
malito boligrafo
que non escrebe e
ten toda a
culpa.

Mira que
eres burro...
que por certo
se escrebe con
"b" igual que
abusive e non
con "v"! Já tes
idade para
resolver estas
causas. Non és
como porcos
de curso que
sabes escrebe.



¡QUE DIS TE
IA PAPA! LE
TUA CULPA
POR NÃO
FAZELOS ANTES!

Espera
um momento...
Com que
estou falando!
Aqui não tá
ninguém...
A QUEM LIGAS
CHAMAS PAPA!



Remata o Big Bang... o bico da morte



Déixao xal



Fixeches abondo, ven comigo.



LARA LISIUS SOUSA

FIN

